

Coas obras da ría prolongarase o paseo desde Beiramar ata Cambre

Páxina 4



Concello de  Oleiros

O Concello ingresa 3 millóns coa venda de solo

Páxina 9

Vivir en Oleiros

Número 71
Xaneiro 2022
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Concello crea unha biblioteca especializada en medio ambiente



Novas demandas para lograr a instalación de banda ancha

Páxina 10

Concedidas as subvencións ás entidades sociais e deportivas

Páxina 11

Creación de zonas verdes de recreo para o Colexio Rabadeira

Páxina 18

Máis cultura coa nova biblioteca pública de Lóngora

■ Todos os veciños e veciñas de Oleiros disporán a partir dos vindeiros días dunha oitava biblioteca pública, que neste caso estará especializada en contidos relacionados co medio ambiente e a natureza. Con esta obra, financiada pola Fundación Amancio Ortega con 260.000 euros, recuperáronse as antigas caballerizas do Pazo de Lóngora que se atopaban en desuso.

Páxina 8

O orzamento municipal para este ano ascende a 39,5 millóns

Ante os cambios legais que desbloquearon os fondos económicos do Concello que se atopaban inmovilizados nos bancos, incrementouse o orzamento municipal para o 2022 en 7 millóns. Máis da metade dos gastos, uns 24 millóns, destinaranse a manter e conservar a ampla rede de infraestruturas e servizos públicos existentes.

Páxina 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Seguimos!

O mundo da política é a día de hoxe un gran escenario, cheo de marketing, show, cámaras, luces, maquillaxe e actores. Pero que hai detrás de todo iso? Nada, nin ideoloxía nin proxectos serios. Simples marionetas dirixidas por determinados grupos de poder que os fan subir, baixar, aparecer e desaparecer.

En Alternativa dos Veciños sempre fixemos política dunha maneira totalmente distinta. Libres de directrices de Madrid ou Santiago e sen amos nin intereses privados, somos progresistas, abertos, tolerantes e profundamente democráticos. A nosa única premisa inque-

brantable é a defensa do interese xeral da cidadanía.

A xestión realizada desde o Concello en beneficio do conxunto dos veciños fixo e fai de nós un obxectivo a bater polos inimigos do ben común. A existencia dun Goberno municipal de Alternativa dos Veciños nunca foi nin será posible sen o compromiso inquebrantable de tantas e tantas persoas que sustentan os cimentos do noso grupo, nin tampouco sen un liderazgo firme, cunha capacidade de xestión e unha habilidade política fóra do común, exemplo de xenerosidade e entrega persoal absoluta ao pobo de Oleiros.

Acostumados a loitar e superar todo tipo de obstáculos, toca enfrontarnos tamén aos novos cambios impostos polo covid. Esperanzados de que por fin esteamos a vivir os últimos coletazos da pandemia, agardamos retomar durante as próximas semanas as asembleas locais que celebrabamos habitualmente nos distintos pobos. Ademais de render contas do traballo realizado desde o Goberno municipal, de analizar futuros proxectos e de escoitar posibles demandas veciñais, toca abrir un debate e reflexionar de cara á próxima campaña electoral.

Vivimos cos pés na terra e non somos alleos á realidade. O

cambio de hábitos, que xa estaba en marcha antes do virus, é evidente. Para manter a nosa esencia tal vez sexa preciso reformular parte do noso funcionamento e dos nosos procesos. É preciso adaptarse para continuar garantindo a participación real e efectiva de todos os veciños na política.

Temos a responsabilidade e a obriga de consolidar o noso proxecto, de acadar a excelencia na prestación de servizos públicos e de afastar da Casa do Concello a todos aqueles que utilizan a política como método de lucro persoal. O Oleiros de futuro que estamos a construír é sostible, cheo de vida, humano e avanza.



Partido Popular de Oleiros

Rogo a todos os nosos veciños

O Partido Popular de Oleiros pide a todos os veciños de Oleiros que observedes as normas sanitarias de prevención de contaxios, usedes as máscaras, evitedes contactos con non convivintes e, por favor, que vos vacinedes.

Facédeo pola vosa saúde, pero tamén pola dos demais, facédeo para evitar a conxestión dos centros sanitarios e para evitar novas mutacións do virus. Facédeo para acabar canto antes con esta terrible pandemia.

Grazas



Grupo Municipal Socialista

Queremos aproveitar este espazo para desexar un feliz inicio de ano para todos os nosos veciños, esperando que este 2022 sexa moito mellor que os dous anteriores. Por elo, rogamos polo ben de todos manter as precaucións para evitar a propagación deste maldito virus,

que tanto dano fixo a nivel sanitario e socioeconómico. Tamén será o ano no que compre intensificar os esforzos en materia económica, en promocionar as nosas empresas, negocios e comercios, e polo emprego no noso concello, aplicando as políticas axeitadas que o

fagan posible, establecendo liñas de axudas para os que máis o precisan e outras actuacións orientadas a acadar dito obxectivo, porque inda que pareza que este virus, segundo as opinións os expertos, pode remitir nuns meses, teremos por diante a ardua tarefa da reconstrucción do

noso tecido económico, productivo e social. É imprescindible tamén velar polos nosos veciños máis afectados por esta longa crise, poñendo unha énfase especial nas axudas ós máis desfavorecidos para manter o nivel de benestar que os nosos veciños merecen.



Bloque Nacionalista Galego

Unha necesidade obxectiva

Hai semanas que os veciños e veciñas do Couto, na parroquia de Dorneda, véñense manifestando todos os luns ás 14 horas diante da ausencia dun paso peonil que lles permita cruzar a estrada AC-173 con seguridade. A titular da mesma, a Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galiza, foi incapaz até hoxe de achegar unha solución práctica, máis aló de ofertar o cambio de titularidade a favor do Concello de Oleiros, é dicir, desenten-

derse dun problema para que se escornen outros. Unha xestión política negligente que xa motivou a presentación dunha iniciativa da nosa deputada Mercedes Queixas no Parlamento galego, e que vén de recibir unha resposta da Consellería igual de inútil que as solucións achegadas até o de agora. Mentres, o problema segue onde estaba e O Couto segue a agardar por unha solución práctica en materia de seguridade viaria.



Ciudadanos

Consenso e respecto en 2022

Desde Ciudadanos Oleiros, afrontamos o novo ano na confianza de que tanto o Goberno municipal como a oposición intentemos achegar posturas e acadar consensos, establecendo canais de comunicación fluídos dentro do respecto e do obxectivo común de mellorar Oleiros.

Nesa liña, poñemos a disposición de todos os oleirenses o correo electrónico oleiros-ciudadanos@gmail.com, ao que poderán dirixirse para comunicar as súas suxerencias ou peticións.

EDITORIAL**• Medo como método de dominación**

◆ Vai xa para dous anos que cambiou o noso xeito de vida. Dous anos nos que a nosa liberdade quedou mermada e as actividades sociais e culturais que viñamos desenvolvendo de maneira cotiá practicamente desaparecieron. Dous anos nos que non puidemos viaxar, nin celebrar festas, nin reunirmos en restaurantes... e sobre todo dous anos de moitas perdas humanas, de moita tristura e de moito sufrimento.

Durante este tempo fomos vendo como o noso sistema sanitario, lonxe de fortalecerse, ía facéndose cada vez máis débil ata a actual situación de colapso existente na atención primaria. As nefastas políticas do Goberno autonómico do Partido Popular de desmantelamento continuado da sanidade pública provoca que ante unha situación como a actual non se preste a atención correspondente a persoas enfermas que non poden agardar. Os profesionais da sanidade están a facer un esforzo diario digno de eloxio pero que non se sostén durante máis tempo sen incrementar medios humanos e materiais.

De xeito paralelo a esta pandemia produciuse un despregamento global das redes de comunicación con todo tipo de dispositivos electrónicos para controlar á cidadanía dos cinco continentes e obter datos. Nunca na historia do planeta existiu un imperio tan poderoso

como o dos que manexan as redes de telecomunicacións. Dentro de pouco non podere-mos nin pagar con diñeiro efectivo pero eles, os de sempre, todo o que rouban lévano a paraísos fiscais....

Non cabe dúbida da converxencia entre os creadores do virus e os propietarios das redes de comunicación, que controlan a individuos e dominan os gobernos das nacións que promulgan leis e decretos para encherlles as redes de sumisos e calados cidadáns, cheos de pánico. O medo sempre é o mellor aliado dos poderosos para dominar as masas.

Uns poucos acaparan o control da enerxía eléctrica, o petróleo, o gas... Monopolizan os transportes marítimos, aéreos e terrestres. Esquilman as grandes reservas da biosfera, os bosques da Amazonía, de Indonesia e de África. Desconxelan o polo norte para saquear os fondos mariños... E mentres todo iso acontece, segue aumentando a destrución de empresas grandes e pequenas que son as que facilitaron o progreso dos pobos e nacións.

Se isto non se para converterémonos en alieníxenas do noso planeta terra. Serán os robots os que controlen a aqueles que non se sometan aos novos imperialistas.



Comezan as obras para a prolongación do paseo da ría ata Cambre

◆ Tras anos de demoras inxustificadas por parte do Goberno Central, comezou o dragado da ría da Pasaxe. Durante os dous anos que durará a obra vai extraerse lodo e materiais contaminantes para a apertura de canais e a recuperación da ría para o baño e o marisqueo. Tamén se vai concluír o paseo da ría desde Beiramar ata o linde con Cambre, restablecerase como espazo público e zona verde a saída do actual río do Seixo e mellorarase a praia de Santa Cristina cunha achega de area.

O investimento total é de 32,2 millóns de euros.



O alcalde solicita á ministra a rexeneración da praia do Porto de Santa Cruz ▼

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, reiterou á ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, e á Directora Xeral de Costas, Ana María Oñoro, a necesidade dunha achega de area á praia de Santa Cruz, entre a pasarela do castelo e o porto. A perda de máis de 1,5 metros de profundidade de area por efecto dos temporais desprotexe a estrutura do paseo marítimo, imposibilita o uso dunha das ramplas de acceso ao areal e impide un maior aproveitamento da praia para o baño. Santa Cruz é unha das zonas de ocio e turismo máis importantes de Galicia.



◀ O XUNQUEIRO

◆ Con anterioridade, o alcalde mantivo unha reunión co subdirector xeral para a Protección do Mar, Ángel Muñoz Cubillo, para demandar unha vez máis unha actuación urxente no Xunqueiro, en Mera, para evitar novos desprendementos que poidan acabar por afundir a estrada. Esta grave situación foi comunicada á Fiscalía e debe ser subsanada por Costas, única administración con competencias para actuar neste caso.

O Concello demanda á Xunta que actúe ante a o avance incontrolado do *Helichrysum petiolare* ▼

◆ Ademais dos plumachos, outra planta exótica invasora está a expandirse cunha gran rapidez, ameazando a diversidade das especies autóctonas. O avance do *Helichrysum petiolare* está a ser especialmente daniño no Monumento Natural e xa resulta moi visible a simple vista nas zonas dos faros de Mera e da punta Torrella.

O forte impacto e degradación que supón esta especie invasora neste espazo protexido require dunha actuación medioambiental que garanta a biodiversidade e o ecosistema. É por iso que o Concello dirixiuse á Consellería de Medio Ambiente para que empregue os fondos que vai recibir da Unión Europea para frear o avance desta planta no Monumento Natural.



Novo aparcamento público en Bastiagueiro con 179 prazas ▶

◆ Foron contratadas por 453.000 euros as obras de creación dun aparcamento público nos terreos municipais existentes xunto á nova pista de patinaxe de velocidade, na marxe dereita da avenida Ernesto Che Guevara dirección Santa Cruz. Con esta obra está previsto ordenar toda esta zona, dotándoa de árbores e creando novas prazas de estacionamento, das que 10 quedarán reservadas para persoas con diversidade funcional.



Demórase a contratación da avenida de Santa Cristina

◆ Acaba de ser adjudicada a redacción do proxecto para a renovación completa da avenida de Santa Cristina a Ingeniería del Noroeste. A tramitación deste expediente sufriu un retraso de 6 meses por cuestións burocráticas, o que provocará que a obra non poida comezar ata finais do presente ano.

Consolidado o noiro do parque da praia de Naval ▼



◆ Atópanse a punto de concluír as obras de consolidación e axardinamento do noiro que se atopa no acceso principal á praia de Naval. O investimento realizado é de 48.068,46 euros.

Mellora da rede de saneamento do norte do municipio ▼




◆ Remataron as obras de ampliación do saneamento na localidade de Mera. Para incrementar a actual capacidade da rede foi preciso a instalación dun novo colector na zona da Lagoa e a ampliación das tuberías entre o actual bombeo e a rúa Vinculeiros.

Renovación da rede de abastecemento de auga na rúa do Souto

◆ As obras de reurbanización completa que está a realizar a Deputación na rúa do Souto atópanse paralizadas debido á desidia e pasotismo de Fenosa e Telefónica para o retranqueo de postes, estando previsto que ata o mes de marzo non poidan retomarse os traballos. Ante o deterioro que sofre a rede de auga nesta rúa, o Concello vai aproveitar este tempo para acometer a renovación das tuberías.

Restaurado o artesanado do Castelo de Santa Cruz ▶

◆ Dentro das obras de mellora e conservación, restaurouse o valioso artesanado que se atopa no edificio principal do Castelo. Malia o espolio realizado polos militares durante a época que ocuparon o Castelo, conservouse este elemento artístico excepcional que foi vangardista na súa época. A exposición permanente Ensemble Isaac, que estivo pechada mentres se realizaban estes traballos, volver esta aberta para súa visita por parte de toda a cidadanía.



Camiña? Non, xógate a vida ▼

◆ A Xunta de Galicia está a investir unha inxente cantidade de diñeiro público en anuncios baleiros de contido cos que o único que logra é asegurarse o dominio e sometemento dos medios de comunicación galegos. **Camiña**, un dos slógans principais desa campaña permanente, non é precisamente o termo máis apropiado ante os numerosos quilómetros de estradas autonómicas -en zonas totalmente urbanas, densamente poboadas e con vivendas a ambas marxes- que carecen de beirarrúas para que os cidadáns camiñen con seguridade.

En Oleiros, a Xunta desatendeu historicamente as importantes necesidades de seguridade viaria nas súas estradas facendo o Concello a inmensa maioría de beirarrúas e carrís bici existentes. As únicas obras realizadas pola Xunta obedeceron a intereses persoais de persoas vencelladas ao Partido Popular. É o caso da ridícula obra de tapar as cunetas dun tramo da avenida Isaac Díaz Pardo, contratada de urxencia xusto despois de que un familiar dun membro do PP caese co coche na gabia e que en vez de resolver o problema agrava aínda máis o perigo da vía para os peóns.

Nesa estrada en concreto, desde Coruxo ata rotonda das Pedreiras, o Concello leva reclamando durante anos a construción dos tramos de beirarrúas inexistentes e a mellora das actuais sendas. Da mesma maneira, tamén foi demandada a dotación de beirarrúas na estrada entre Mera e Lorbé, desde a Igrexa de Serantes ata O Cubo. Ambas zonas contan cunha importante poboación e os veciños teñen dereito a circular con seguridade, sen correr riscos.



PASOS DE PEÓNS ▼

Foron moitas as ocasións nas que o Goberno municipal solicitou á Xunta de Galicia a necesidade de crear pasos de peóns en estradas de titularidade autonómica, en núcleos tales como Lorbé, Breixo, Cabreira ou o Couto. A solución a este problema non pasa en ningún caso porque o Concello asuma o traspaso destes viais, o que ocasionaría unha carga económica moi elevada e que non lle corresponde ás arcas municipais. É a Xunta de Galicia a administración que está obrigada a realizar os pasos de peóns nas súas estradas, colocando a iluminación e os elementos reductores de velocidade necesarios.



Dous anos prometendo acabar os accesos ao Porto de Lorbé ►

◆ A Consellería do Mar leva dous anos prometendo a contratación da finalización dos accesos desde a vía Ártabra, que inclúe un aparcadoiro e un bombeo de augas residuais. Polo momento nada se sabe da realización desta obra que permitiría dispoñer dun vial de entrada acorde ás necesidades actuais e que acabaría coas verteduras de augas residuais na zona portuaria.



Axilízanse os semáforos da avenida Che Guevara

■ *Procedeuse á realización dun estudo dos volumes e horarios de circulación de vehículos pola avenida Ernesto Che Guevara para optimizar os tempos de espera dos semáforos, tanto para vehículos como para peóns.*

◆ Para adaptar os tempos de espera en cada momento do día segundo a situación do tráfico, colócanse cámaras para identificar os horarios nos que deben ter prioridade os vehículos e viceversa.

O tapón existente na ponte da Pasaxe, pendente de ampliar desde hai anos por parte do Ministerio, provoca importantes atascos nesta estrada. A conxestión desta vía vese aínda máis conxestionada na actualidade ante o elevado número de condutores que escapan da N-VI para evitar a obra de Sol y Mar.



Posible cambio de sentido da circulación na rúa do Colexio A Rabadeira ▼



◆ Co fin de mellorar a mobilidade e a seguridade viaria, tanto do alumando e dos pais do Colexio A Rabadeira como das persoas usuarias do Centro de Saúde da Covada, está a realizarse un estudo para determinar a posible conveniencia de cambiar o sentido de circulación da rúa Ensino. Seguiría sendo de sentido único pero coa circulación de maneira inversa á actual, evitando a incorporación á avenida Francisca Herrera que resulta un tanto perigosa.

A contratación a finalización do carril bici en Arillo ▼



◆ Está previsto que o Concello adxudique nas próximas semanas a obra da última fase do carril bici e das beirarrúas na estrada que vai de Santa Cruz a Mera. O espazo que se vai ampliar e ordenar parte desde onde rematan as beirarrúas no Pazo de Arillo ata a confluencia co camiño que vai ao cemiterio de Maianca. Ademais vaise conectar a beirarrúa da urbanización Rialta coa senda interior do pazo. Esta obra ten un custo de 209.897,28 euros, que cofinancia a Xunta de Galicia nun 90% por tratarse dunha estrada autonómica. O Concello agradece ás persoas propietarias dos terreos a súa cesión para a ampliación.

Conexión da rúa Loural coa urbanización de Xaz

◆ O Concello adquiriu o solo necesario para darlle continuidade á rúa Loural para a súa conexión coa rúa Holanda. Proximamente procederase á realización das demolicións e das obras de construción deste novo tramo de rúa.



Próxima apertura da biblioteca municipal medioambiental ▼



◆ Todos os veciños e veciñas de Oleiros dispoñerán a partir dos vindeiros días dunha nova biblioteca municipal no Pazo de Lóngora. O espazo que ocuparon no seu día as caballerizas acaba de ser rehabilitado para crear unha nova instalación cultural reservada exclusivamente para contidos medioambientais, dotada de todos os materiais bibliográficos existentes na actual biblioteca do CEIDA do Castelo de Santa Cruz e de outras novas incorporacións.

A Fundación Amancio Ortega aportou 260.000 euros para sufragar a totalidade da obra e do traslado dos libros.

Villa Etcheverry volve funcionar como casa municipal de préstamo

◆ Finalizadas as obras de mellora e adecuación a novos usos de Casa Etcheverry, xa é posible solicitar o uso da planta baixa deste edificio singular situado no centro de Perillo para a celebración de reunións ou festas, con prioridade para menores de 30 anos. As persoas empadroadas no municipio tamén teñen á súa disposición as casas da praia de Bastiagueiro, A Gardesa e Agramar, así como os salóns das casas do pobo, sempre e cando non estean ocupados con actividades municipais ou das entidades.

Para informarse ou realizar as solicitudes de préstamo de calquera das casas municipais hai que dirixirse á Fábrica ou á web www.oleiros.org.



O Concello ingresa 3 millóns de euros coa venda de solo adquirido gratuitamente ▼



◆ Ademais de garantir un crecemento ordenado e sostible, a xestión urbanística do Goberno municipal permite que o Concello incremente as infraestruturas e equipamentos públicos, amplas zonas verdes, parques e adquira gratuitamente o 10% do solo construíble que se crea nas novas urbanizacións. Unha vez urbanizadas, o Concello vende esas parcelas a promotores, obtendo importantes ingresos económicos destinados a financiar novas obras e servizos públicos.

Nos últimos meses o Concello vendeu 13 parcelas por importe de 2.989.883,83 euros. A obtención deses ingresos non estaba contemplada no orzamento municipal, polo que permitirán abordar a realización de actuacións non previstas e que demandan os veciños para a mellora do municipio.

Novos murais de arte urbana en Oleiros e Dorneda ►

◆ O embelecemento dos entornos urbanos do municipio vai continuar coa creación de novos murais artísticos no solo da praza da Rabadeira, na fachada medianeira dun edificio da rúa Miraflores e no muro exterior do cemiterio de Dorneda. Con estas tres novas obras de arte, que realizarán os muralistas galegos Lula Goce e Joseba Muruzábal, contribúese ao labor de ornato e saneamento das edificacións e á existencia de espazos públicos máis agradables para a convivencia e o lecer.

O custo total destas obras de arte é de 42.702,05 euros.



■ Boceto do mural que vai decorar o solo da praza da Rabadeira

O Concello solicita colaboración veciñal para erradicar o vandalismo

◆ Están a producirse episodios puntuais de actos vandálicos, localizados en zonas moi concretas e protagonizados por uns grupos determinados de rapaces. Malia tratarse de casos illados supoñen unha importante degradación dos espazos públicos e orixinan un forte gasto ás arcas municipais.

Ademais dos programas de concienciación e educación que se desenvolven nos centros de ensino, as persoas responsables dos danos teñen que pagar os custos que provocan e realizar programas sociais en beneficio da comunidade. Para isto é necesario collelos in fraganti, polo que calquera veciño ou veciña que vexa algún ataque contra o patrimonio público ou privado debe comunicarllo de inmediato á Policía Local a través do teléfono 981 610 001.



O Concello volve esixir o cumprimento das subvencións para a instalación de banda ancha

◆ O alcalde, Ángel García Seoane, reuniuse co delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, para reclamarlle que o Estado faga cumprir as subvencións outorgadas ás empresas de telecomunicacións para a dotación de fibra óptica en toda a comarca. O delegado explicou que todos os proxectos pendentes de finalización recibiron unha prórroga ata finais de 2022 e que desde o Goberno central acaban de outorgar unha nova subvención a Telefónica para dotar de banda ancha a 1.240 domicilios de diferentes zonas do municipio que a día de hoxe seguen a carecer do servizo.

Atendendo as numerosas demandas recibidas por parte de veciños e veciñas, o Goberno municipal está a denunciar constantemente a carencia de fibra óptica en todas as parroquias. O Estado outorgou subvencións para a dotación de banda ancha que as empresas adxudicatarias, en moitos casos, incumpriron parcial ou totalmente. As compañías céntranse só naquelas zonas onde hai maior concentración de vivendas, cando os fondos que recibiron do Estado eran para levar internet a todos os domicilios incluídos nos plans.

José Luis Gómez presenta 'Cómo salir de esta (II)'



◆ O xornalista e veciño do municipio José Luis Gómez presentou na Casa Charry o libro 'Cómo salir de esta (II)', que escribiu xunto coa economista María Cadaval. Ademais dos dous autores, o acto contou coas intervencións do catedrático de economía da Universidade da Coruña e ex presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe, e do alcalde, Ángel García Seoane.

Este libro de Mundiediciones, o selo editorial do xornal Mundiario, con sede social en Oleiros, céntrase na segunda crise económica do século XXI, cunha dobre autoría, ao incorporar á profesora de economía María Cadaval, toda unha referencia na análise económica en varios medios de comunicación. Unha primeira conclusión de 'Cómo salir de esta (II)' é que a crise económica que trouxo a pandemia é máis intensa que a anterior pero que será menos duradeira.

José Luis Gómez, xornalista e fundador de Mundiario, xornal do que é editor, é tamén comentarista da Televisión de Galicia, Radio Galega e Radio Coruña, así como analista económico de La Región e Atlántico, e editor do Anuario do Foro Económico de Galicia, entidade da que é membro fundador. Dirixiu a revista Capital e os xornais La Voz de Galicia e Xornal de Galicia e foi director editorial de Grupo Zeta. É autor, entre outros, do libro 'Cómo salir de esta', publicado en 2013.

Oleiros integrador e multicultural ▼



■ *Persoas de 72 nacionalidades diferentes conviven no municipio*

◆ A diversidade existente en Oleiros está a ser un factor culturalmente moi enriquecedor para todos os veciños e veciñas grazas ao intercambio de hábitos e costumes que se produce en moitas ocasións. A tolerancia e o respecto coa que se comporta a inmensa maioría da poboación permite a existencia dunha convivencia agradable entre todas as persoas, sen conflitos derivados de cuestións raciais ou relixiosas.

Despois da nacionalidade española, a máis numerosa no municipio é a venezolana con 268 veciños e veciñas, seguida da brasileira con 235 residentes, da italiana con 128, da colombiana con 122 e da portuguesa con 121. As nacionalidades menos numerosas en Oleiros son as dos veciños e veciñas nados en Pakistán, Vietnam, Angola, Armenia, Cabo Verde, Arxelia, Burundi, Gambia, Honduras, Letonia, Lituania, Mauritania e Mozambique.

Concedidos 227.500 euros en subvencions a 49 entidades do municipio ▼

■ *Aprobouse a concesión das subvencions solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrencia competitiva determinadas nas bases da convocatoria. Estas axudas están concebidas para continuar fomentando o ensino público de calidade, a cultura, o deporte e a vida social no municipio.*

Centros de ensino público: 80.804,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	10.320,00
■ CEIP Rabadeira:	10.220,00
■ CEIP Valle-Inclán:	11.780,00
■ CEIP Luis Seoane:	9.120,00
■ CEIP Oleiros-Juana de Vega:	9.060,00
■ IES Maria Casares:	11.920,00
■ IES Miraflores:	10.420,00
■ IES Neira Vilas:	8.000,00

Anpas: 36.269,72 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	13.069,10
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luis Seoane):	8.180,00
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	2.869,50
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	3.060,00
■ ANPA Arce do IES Xosé Neira Vilas:	1.785,00
■ ANPA CEIP de Nós:	2.903,97
■ ANPA Ensino CEIP Rabadeira de Oleiros	3.202,14
■ ANPA Os Pazos do IES María Casares:	1.200,00



Entidades culturais: 13.239,73 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.C. Coral Lembranzas de Santa Cruz:	2.392,41
■ A.C. O Amanexo:	2.979,06
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana:	862,65
■ Coral Airiños de Nós:	1.150,00
■ Coral Polifónica de Mera:	1.853,00
■ Asociación Ocio Inclusivo Oleiros	2.006,59
■ Coro de Oleiros:	1.996,02

◆ Ademais destas axudas económicas, o Concello pon á disposición das entidades infraestruturas, equipamentos e recursos humanos de maneira gratuita.

Asociacións de veciños: 18.720,27 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.V.V. A Ría:	2.687,00
■ A.V.V. Os Rueiros:	3.750,00
■ A.V.V. San Antón:	3.704,89
■ A.V.V. Santaia:	4.932,22
■ A.V.V. San Cosme:	3.646,16



Entidades deportivas: 51.645,42 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude:	4.862,75
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	4.885,07
■ Club Acuatic Oleiros:	4.992,88
■ Club Balonmano Atlántico:	4.043,62
■ Club de Regatas Perillo:	5.635,77
■ Club Hóckey Oleiros:	5.491,43
■ Club Mera F.S.:	1.557,18
■ Club de Tenis de Mesa Breogán Oleiros:	2.592,82
■ Club Voleibol Oleiros:	4.500,00
■ Escola Ximnasia Acordes:	5.979,49
■ Sociedad Cultural e Deportiva Rabadeira:	4.469,92
■ Club de Tenis A Coruña:	2.634,49

Clubs de fútbol: 26.910 euros



ENTIDADE	Subvención
■ A.D. Cristo Rey:	4.590,00
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	5.720,00
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	5.120,00
■ Club Xuventude de Dorneda:	720,00
■ Hércules S.D.C.:	640,00
■ Marino de Mera C.F.:	2.000,00*
■ Mercurio de Iñas S.D.:	640,00
■ Unión Campestre F.C.:	3.360,00
■ Atlético San Pedro:	4.120,00

*+ gastos de auga e luz

O orzamento municipal para 2022 é de 39,5 millóns ▼

■ Máis de 24 millóns para manter equipamentos e servizos ▼

◆ O pleno municipal aprobou o orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2022, que se incrementa nun 21,70% en relación ao de 2021, acadando 39.565.000 euros. O principal obxectivo do Goberno municipal é conservar a ampla infraestrutura de equipamentos e seguir ofrecendo uns servizos públicos de calidade, de aí que o gasto en persoal municipal e os gastos correntes sumen 24 millóns, o 61 % dos recursos municipais.



POLÍTICAS SOCIAIS ▼

◆ O investimento previsto en servizos sociais e igualdade para o ano 2022 está fixado en 3.239.067 euros. Nesta cantidade inclúese todo o persoal propio do Concello que traballa nesta área e que ten un custo de 601.257 euros; 1,7 millóns para a atención de persoas maiores e dependentes (axuda no fogar, comida sobre rodas e apoio a persoas coidadoras); 156.000

euros en axudas para familias en situación de emerxencia social; 122.000 euros para bonos de alimentos; 75.000 euros para gastos de comedor escolar e escolarización dos nenos e nenas de familias en dificultades económicas; 4.500 euros para bonos de farmacia; 197.000 euros para actividades de benestar e ocio de persoas maiores ou 35.400 para políticas de igualdade.

Forte investimento en novas obras públicas ▼

◆ A seriedade e eficiencia na xestión que realiza o Goberno municipal permite que o Concello de Oleiros se atope nunha boa situación económica, dispoñendo de importantes remanentes. Unha grande parte deses recursos atopábanse inmovilizados nos bancos debido ás restritivas normas de gasto impostas polo último Goberno central do Partido Popular, que castigaban os concellos saneados para cadrar as contas de España ante a Unión Europea. A denuncia desta situación realizada desde Oleiros e moitos outros municipios acabou por facer que o actual Goberno de Madrid modificase esas normas.

A posibilidade de utilizar os fondos económicos que se atopaban bloqueados, permite incrementar considerablemente os investimentos en novas obras e servizos. Así, dos 6 millóns de 2021 incrementábase o gasto ata 13,3 millóns en 2022, un 121,47% máis.

PRINCIPAIS OBRAS E SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR EN 2022 ▼

■ Paseo fluvial e ciclista do río de San Pedro (1ª fase)	1.139.000 €
■ Aparcadoiro no Monumento Natural-Canabal (expropiacións)	60.000 €
■ Senda costeira Naval-Canide (expropiacións)	140.000 €
■ Aparcadoiro en Bastiagueiro (na zona da pista de patinaxe)	161.000 €
■ Pavimentación das seguintes rúas: Subiña, Mar, Salvador de Madariaga con Bolboretas, Mazaricos e Castro de Xaz	545.000 €
■ Asfaltado dun tramo da avenida Che Guevara	142.000 €
■ Renovación do pavimento nas rúas de Santa Cruz	113.000 €
■ Acondicionamento e melloras en beirarrúas (Che Guevara, Daniel Castelao, rúas Namibia e Etiopía, O Regacho, Ricardo Cubeiro, acceso ao colexio A Rabadeira)	577.800 €
■ Beirarrúas na rúa Doutor Fleming	122.200 €
■ Humanización e melloras na rúa Humboldt	110.000 €
■ Beirarrúas e carril bici no pazo de Arillo-Lourido	210.000 €
■ Renovación de redes de saneamento	120.000 €
■ Substitución do colector de saneamento en Canide	80.000 €
■ Renovación da rede de augas en Bastiagueiro (rúas Xardíns, Romeu e Os Niños)	158.700 €
■ Renovación da rede de augas en rúa Maside, Cascaxeira e Viravolta	166.300 €
■ Renovación de redes e pavimentación das rúas Fraternidade e Amizade	165.000 €
■ Obras na urbanización POL-4 (Santa Ana-Mera)	1.300.800 €
■ Obras de urbanización SUD-2 (Mera)	1.697.118 €
■ Ampliación e mellora do parque infantil da casa do pobo de Lorbé	50.000 €
■ Instalacións de deporte ao aire libre no parque As Galeras	75.000 €
■ Construción da 2ª fase do campo de fútbol en Mera (gradas, vestiarios e aparcadoiro)	1.130.000 €
■ Instalacións de deporte ao aire libre no parque As Trece Rosas	75.000 €
■ Substitución do céspede no campo de fútbol Eugenio Pardo Conchado	355.000 €
■ Novos postos de Salvamento e Socorrismo en Bastiagueiro, Mera e Santa Cristina	80.000 €
■ Finalización da rehabilitación na Finca Tenreiro	457.410 €
■ Edificio multiusos en Bastiagueiro (1ª fase)	1.720.000 €
■ Columbarios en cemiterios municipais	150.000 €
■ Aula de estudo na Biblioteca Rialeda	100.000 €
■ Peche exterior do parque José Martí (renovación das verxas)	175.000 €
■ Pintado de edificios municipais: Casa Charry, Rialeda e Agramar	150.000 €
■ Mellora de aplicacións informáticas	240.440 €

O Fondo Galego de Cooperación cumpre 25 anos



■ Alfredo Novoa, en representación do Goberno municipal de Oleiros, foi presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante 14 anos.

◆ Neste 2022 cúmprese un cuarto de século da creación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Durante estes 25 anos téñense realizado numerosos proxectos de cooperación, educación para a cidadanía global, voluntariado internacional, programas europeos, campañas de comunicación, colaboración institucional, intercambios, formación... Cidadáns de países como Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú, Mozambique ou Guinea-Bissau téñense beneficiado de importantes actuacións de redes de auga e saneamento, vivenda, xénero, educación ou saúde, entre outros.

O Concello de Oleiros, actual membro da executiva do Fondo, foi un dos municipios fundadores da organización no ano 1997. Ante o compromiso cos dereitos humanos e co desenvolvemento dos países do sur e debido á imposibilidade de desenvolver políticas de cooperación desde os concellos, impulsouse esta rede municipalista galega por 10 concellos. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está formado hoxe por 102 municipios e deputacións.

O Goberno municipal reclama a despenalización do aborto en El Salvador ▼

◆ A dureza coa que se castigan os abortos na República de El Salvador, baixo a cualificación de homicidios agravados, fai que moitas das mulleres que pasan por este transo reciban condenas de prisión de entre 30 e 50 anos. Este foi o caso de Manuela, unha muller sen recursos e analfabeta dunha zona rural que padecía un linfoma non diagnosticado e que tras ingresar no hospital por unha urxencia obstétrica despois de perder o fillo que estaba xestando foi denunciada pola médica que a atendeu por un posible aborto. Foi detida no mesmo hospital, ingresada en prisión e posteriormente enxuzada e condenada a 30 anos. Manuela faleceu no cárcere despois de permanecer algo máis de dous anos na cadea durante os que non recibiu sequera os cuidados médicos que lle foran prescritos para frear o seu cancro.

Por desgraza este caso non é único na xurisprudencia da República de El Salvador. Por iso, para defender os dereitos das mulleres salvadoreñas, o Goberno municipal insta ao Goberno de España a que comine as autoridades salvadoreñas a adecuarse as esixencias do Convenio Americano de Dereitos para acabar con este tipo de vulneración dos dereitos humanos.



O Concello destinará 10.000 euros a un proxecto de cooperación na Palma



◆ O Goberno municipal está a analizar varios posibles proxectos para cooperar con algún dos concellos máis danados polo volcán que arrasou unha parte importante da illa da Palma. Preténdese seleccionar un proxecto concreto no que investir un total de 10.000 euros para contribuir á recuperación social e económica da illa.

Apertura das novas oficinas de Servizos Sociais e Igualdade en Perillo



◆ Villa Etcheverry, ademais de continuar prestando servizo como centro social para persoas maiores e casa de préstamo para a mocidade, funcionará desde o 1 de febreiro como novo punto de atención municipal de Servizos Sociais e Igualdade. Co obxectivo de facilitar o acceso a este servizo público básico, o Goberno municipal incrementou o persoal desta área coa contratación de máis persoal para unha atención óptima dos cidadáns e adecuou o edificio cunhas obras que tiveron un custo de 168.637,46 euros.

O horario de atención ao público deste centro é o mesmo que o das demais dependencias municipais, **de luns a venres de 9 a 14 horas**.

Os talleres de memoria traballarán sobre a toponimia de Oleiros ▼



◆ As 200 persoas que participan nos obradoiros de memoria que se realizan en todas as parroquias van desenvolver ao longo deste ano un traballo de investigación sobre a toponimia das súas localidades. Partindo da memoria e dos recordos de cada participante, xunto coa búsqueda de documentación e con entrevistas ás persoas máis maiores dos lugares, pretende recompilarse un ampla relación de nomes históricos de diversas zonas. Tamén está previsto que as entidades veciñais participen nesta actividade.

Actividades pola igualdade e o benestar: Obradoiro do corpo e Movete+ ▼

◆ O día 28 de febreiro abre o prazo de inscricións para as prazas vacantes no Obradoiro do Corpo, unha actividade corporal que persegue obxectivos de benestar integral, revalorizando a identidade de cada muller participante, así como fomentar hábitos de vida saudábeis e favorecer unha maior vida social. Desenvolverase, principalmente, en espazos exteriores, na parroquia de Perillo, ou na Casa da Cultura, tamén en Perillo, todos os mércores.

Por outra parte, acaban de comezar as sesións do obradoiro MÓVETE+, unha actividade física para mulleres que pasaron ou están a pasar por unha enfermidade oncolóxica co obxectivo de contribuír a mellorar a calidade de vida a través do exercicio físico adaptada. Esta actividade desenvólvese todos os venres na polideportiva cuberta de Meixonfrío, en Santa Cruz, en horario de mañá. As mulleres interesadas en participar deben dirixirse á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade.



Novos grupos de ioga e relaxación ▼

◆ Ademais dos talleres de memoria e de ximnasia, as persoas maiores de 60 anos poden apuntarse a ioga e relaxación. Esta actividade desenvólvese en varios locais municipais en diferentes horarios. As persoas interesadas en participar deben dirixirse á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade ou tamén poden chamar ao **981 610 000**.

O Acordes é sexto no Campionato de España



◆ O equipo sénior absoluto do Acordes volveu conseguir un importante triunfo a nivel estatal. Iria Álvarez, Paloma Smyth, Macarena Gayoso, Sara Casanova, Alicia García, Elena Torres e Carolina Villar acadaron a sexta posición no Campionato de España de conxuntos celebrado en Pamplona. As súas adestradoras son Anais Freire, Rebeca Freire, Rut Balbis e Cristina Piñeiro.

A Liga de Judo regresa ao pavillón de Canide ▼



◆ O sábado 19 de febreiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan máis de 20 equipos de toda Galicia e Asturias nas categorías sub 11, sub 13, sub 15 e sub 18.

Ademais desa primeira xornada do 19 de febreiro (categorías sub-15 e sub-18), haberá competición os días 2 de abril e 14 e 21 de maio (categorías sub-13 e sub-11). Todas as xornadas celebraranse no pavillón Jose Antonio García Nieto de Canide.

Concedidos 4.800 euros en subvencións para os deportistas internacionais



◆ A infraestrutura deportiva pública existente no municipio favorece que cada vez sexan máis os e as oleirenses que participan en competicións nacionais e internacionais. Para axudalos, o Concello sufraga os gastos das viaxes que teñen que realizar aos campionatos. Na maioría dos casos, os propios deportistas e as súas familias teñen que afrontar o custo deses desprazamentos ante o desentendemento das súas respectivas federacións.

Na convocatoria do 2021 o Concello repartiu 4.800 euros entre 11 deportistas. Os beneficiarios foron José Manuel Sánchez, Iria Álvarez, Alejandro Montes, Lucas Yáñez, Candela Martínez, Carlos Dopico, Jaime Ares, Manuel Fernández, Juan Fernández, Antonio Sandino e Marco García.

Contratadas as obras da nova sede da Escola Municipal de Surf ▼



◆ O Concello adxudicou por 72.070,01 euros as obras de adecuación da casa propiedade municipal da rúa das Anguias, nun dos accesos á praia de Bastiagueiro, para convertela na sede da Escola Municipal de Surf. Nos próximos días comezarán os traballos na vivenda para crear vestiarios, baños, duchas e unha ampla zona de almacenamento do material deportivo.



Avanza a última fase do novo campo de fútbol municipal ◀

◆ Atópase en execución a obra da última fase de construción do campo de fútbol municipal de Mera que consiste principalmente na creación de gradas, vestiarios e aparcamentos. De non producirse contratempas, esta nova instalación deportiva municipal podería estar dispoñible antes do verán.



Renovación do céspede do Eugenio Pardo Conchado ◀

◆ O Concello vai proceder á renovación da herba artificial do campo de fútbol municipal Eugenio Pardo Conchado, en Oleiros. O custo desta obra é de 355.000 euros e pretende abordarse no verán, unha vez finalice a presente tempada futbolística.

Ampliación das zonas de recreo do Colexio Rabadeira ▼



■ *Atendendo ás peticións da dirección do centro, o Goberno municipal está a elaborar un proxecto para mellorar e ampliar as zonas de patio do Colexio da Rabadeira.*

◆ Ademais de realizar unha importante transformación do actual patio coa instalación de diversos elementos para o lecer do alumnado, o Concello creará unha zona verde para uso exclusivo do colexio nos terreos de propiedade municipal que se atopan entre o pavillón e a circunvalación de Oleiros.

PREMIO PROVINCIAL

O CEIP Plurilingüe da Rabadeira de Oleiros foi distinguido co Premio Concepción Arenal da Deputación da Coruña destinado a proxectos educativos que fomenten a igualdade de xénero nos centros escolares. A iniciativa **Xogando en igualdade** desenvolvida polo colexio foi merecedora desta importante distinción a nivel provincial. Os 5.000 euros en metálico que recibirá o centro con este premio serán destinados por parte da dirección ás obras de mellora do actual patio.

Concentración para denunciar a falta de profesorado de apoio no María Casares ►

◆ O IES María Casares conta este curso con 587 alumnas e alumnos, dos que 34 precisan dunha atención específica. O centro só dispón dunha única profesional especialista para estes 34 escolares o que resulta claramente insuficiente e inadecuado para impartir un ensino digno e de calidade.

Para reclamar á Consellería de Educación máis especialistas en Pedagogía Terapéutica, realizouse unha concentración ante o instituto convocada pola ANPA Os Pazos. O alcalde, Ángel García Seoane, denunciou publicamente esta situación e, xunto con outros concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, participaron na concentración para amosar o apoio do Concello a todas estas reivindicacións.

Xornada de orientación académica e laboral para o alumando de secundaria

◆ O alumnado de 4º da ESO, FP básica e 2º de bacharelato dos centros de ensino público de Oleiros disporán dunha xornada informativa específica sobre saídas académicas e laborais para o seu futuro. Nesta actividade organizada polo Concello participarán as tres universidades galegas, centros de formación profesional e escolas públicas e privadas de diversas especialidades.

Esta xornada vai celebrarse o vindeiro 4 de marzo no pavillón Arsenio Iglesias. Pola tarde, as portas estarán abertas a calquera persoa interesada en informarse sobre posibilidades académicas e laborais.

Numerosas e variadas actividades xuvenís nas Casas da mocidade ▼

◆ Ademais das casas municipais de préstamo, a mocidade de Oleiros dispón da Casa da mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castelao, 5) e da Casa da mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114), abertas todas as tardes de luns a sábado. Ademais do seu libre uso é posible participar en próximas actividades gratuítas programadas tales como cursos de linguaxe de signos, monitor/a de tempo libre, xornalismo deportivo, obradoiros de cociña, exposicións, "Mociradio" ou teatro, entre outras. Tamén se vai organizar unha excursión á Mariña Lucense.

Para obter máis información ou inscribirse é posible dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a pix.aspedras@gmail.com.

Excursións para gozar de Galicia

◆ O programa municipal *Andares por Galicia*. A Cultura da natureza ten programadas diversas saídas para continuar coñecendo e descubrindo Galicia a nivel natural, social e cultural. Así mesmo procúrase promover a convivencia, o ocio no medio natural e os hábitos saudables.

Estas actividades están dirixidas a persoas maiores de idade. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse desde 15 días antes de cada saída na Fábrica, a través do correo r.caparros@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.

Para cada excursión ofértanse 40 prazas. En todas as saídas haberá 2 monitores/as especializados



CASTRO DE DOADE • Sábado 5 de marzo

Ruta circular con inicio e fin en Codesedo (Lalín) pasando polo Castro de Doade, a Igrexa de San Xoán de Vilanova, a área Recreativa de Mouriscade. A distancia a percorrer é de 13 km e está cualificada como de dificultade media-baixa. Aínda que fóra de ruta, tamén se visitará o Monumento Natural da Fraga de Catasós e o Museo Etnográfico Casa do Patrón.



PENÍNSULA DO GROVE • Sábado 26 de marzo

A ruta irá desde San Vicente do Mar ata o Porto de Meloxo percorrendo a ZEC "Complejo Ons-O Grove", a salgadeira de Barcela, o miradoiro e aula de natureza de Siradella ou a Lagoa da Bodeira. A distancia a percorrer é de 14 km e está cualificada como de dificultade media. Tamén se realizará unha visita turística á Illa da Toxa.



TERRAS DE FONMIÑÁ E CASTRO DE VILADONGA

• Sábado 23 de abril

Esta excursión partirá de Fonmiñá e rematará en Castro de Rei transitando pola lagoa de Fonmiñá, o río Miño, o Castro de Sá, a Igrexa de San Salvador de Crecente ou o Pazo de Fontexón. A distancia a percorrer é de 20 km e está cualificada como de dificultade media-baixa. As persoas participantes tamén se achegarán ata o Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.

Máis de 600 veciños e veciñas participan en Ocioleiros ▶

◆ Nos vindeiros días van comezar as 26 actividades lúdicas, culturais e deportivas que forman parte dunha nova edición deste programa municipal para maiores de 18 anos. En total serán 612 as persoas que formarán os distintos grupos de curso de lingua galega, conversando en galego, conversando en inglés, conversas en francés, coctelería, obradoiro de cata de viños galegos, fotografía, tratamento dixital da imaxe, encadernación decorada, obradoiro de cartón pedra e papel maché, artesanía e decoración con plantas e madeira, técnicas de relaxación e crecemento persoal, ioga, mindfulness, bailes de salón, laboratorio de música electrónica e ritmos urbanos, xardinería, horta ecolóxica, escalada deportiva, defensa persoal, patinaxe, marcha nórdica, pedalea, paddle surf, kaiak e surf.



Presentacións literarias de María G. Cotelo e Ricardo Seixo

◆ As Torres de Santa Cruz acolle o xoves 3 de febreiro, ás 20:00 horas, a presentación do poemario *Un peixe na gorxa* de María G. Cotelo. Publicado na editorial Toxosoutos, é unha escolma poética formada por 43 poemas que falan do amor, o desamor, a beleza...

Tamén nas Torres de Santa Cruz, o xoves 17 de febreiro ás 20:00 horas, Ricardo Seixo Fernández presentará os poemarios *Sinais*, *Coa luz negada* e *Na república da intimidade*. O acto finalizará con música do grupo Maraxe.

Cultura e ocio para nenos e nenas cos contacontos nas bibliotecas ▼



◆ Todas as nenas e nenos maiores de 6 anos poderán apuntarse ás numerosas sesións de contacontos que se celebrarán proximamente en todas as bibliotecas municipais. Para poder participar é **imprescindible inscribirse con anterioridade na propia biblioteca na que teña lugar a actividade ou chamar ao 981 610 000**. Todas as sesións serán ás **18:30 horas**, nos días indicados.

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

FEBREIRO

- ▶ **Día 10:** *Extra* con **Paco Nogueiras**
- ▶ **Día 24:** *Cantando os cantares* con **Truque Matruque**

MARZO

- ▶ **Día 3:** *Contos pola igualdade* con **Lía Magalia**
- ▶ **Día 10:** *Iguais e diferentes* con **Expresión Producións**
- ▶ **Día 17:** *Comechíns, segundo prato* con **Galeatro**
- ▶ **Día 24:** *No país da choiva* con **Miguel A. Alonso Diz**
- ▶ **Día 31:** *Contos na lareira* con **Iván Davila**

ABRIL

- ▶ **Día 7:** *Imos de aventura!!!* con **Ramiro Neira**
- ▶ **Día 21:** *Libros nos petos* con **Ana Carreira**
- ▶ **Día 28:** *Irene en América central* con **Solidariedade Internacional de Galicia**



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

FEBREIRO

- ▶ **Día 9:** *Irene no Sáhara* con **Solidariedade Internacional de Galicia**
- ▶ **Día 16:** *Bibliotemaxia* con **Leo Leño**

MARZO

- ▶ **Día 9:** *Unha nena moi valente* con **Trémola Teatro**
- ▶ **Día 16:** *Unha excursión con final inesperado* con **Lía Magalia**
- ▶ **Día 23:** *Cantando os cantares* con **Truque Matruque**
- ▶ **Día 30:** *Entre bechos anda o conto* con **Galeatro**

ABRIL

- ▶ **Día 6:** *Contos de Andersen* con **Ana Carreira**
- ▶ **Día 13:** *Ti e máis eu somos colegas* con **Fran Amil**
- ▶ **Día 20:** *A biblioteca máxica* con **Ramiro Neira**
- ▶ **Día 27:** *Animais artistas e outras cousiñas* con **Iván Davila**



• BIBLIOTECA M^a JOSÉ TRINCADO. MERA

FEBREIRO


- ▶ **Día 11:** *Entre bechos anda o conto* con **Galeatro**

MARZO

- ▶ **Día 11:** *Contos diversos* con **Miguel A. Alonso Diz**
- ▶ **Día 18:** *Canciós para enredar e contos para tremer... de ledicia* con **Fran Amil**

ABRIL

- ▶ **Día 1:** *Aventuras e desventuras no bosque* con **Lía Magalia**
- ▶ **Día 22:** *Irene nos Andes* con **Solidariedade Internacional de Galicia**



• BIBLIOTECA M^a JOSÉ RUSO. DORNEDA

FEBREIRO

- ▶ **Día 7:** *Bruxerías* con **Lía Magalia**

MARZO

- ▶ **Día 7:** *Irene no Senegal* con **Solidariedade Internacional de Galicia**
- ▶ **Día 21:** *Versos comestibles* con **Ana Carreira**

ABRIL

- ▶ **Día 4:** *Comechíns, segundo prato* con **Galeatro**
- ▶ **Día 25:** *O lobiño carapuchiño* con **Proyecto Bululú**



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

FEBREIRO

- ▶ **Día 4:** *Os contos de chuches Amil* con **Fran Amil**

MARZO

- ▶ **Día 11:** *Pioneiras* con **Ramiro Neira**
- ▶ **Día 25:** *Irene no Próximo Oriente* con **Solidariedade Internacional de Galicia**

ABRIL

- ▶ **Día 8:** *Érase unha vez* con **Trémola Teatro**
- ▶ **Día 29:** *A vella na botella* con **Lía Magalia**



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

FEBREIRO

- ▶ **Día 8:** *Debaixo das mantas* con **Ramiro Neira**

MARZO

- ▶ **Día 8:** *Eu non quero* con **Ana Carreira**
- ▶ **Día 22:** *A nena que se comía todos os contos* con **Trémola Teatro**

ABRIL

- ▶ **Día 5:** *O delicioso pastel* con **Proyecto Bululú**
- ▶ **Día 19:** *Irene no Sáhara* con **Solidariedade Internacional de Galicia**



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

FEBREIRO

- ▶ **Día 10:** *Moito conto* con **Ana Carreira**

MARZO

- ▶ **Día 10:** *Uns lentes diferentes* con **Proyecto Bululú**
- ▶ **Día 24:** *Esconxuros de verbas* con **Ramiro Neira**

ABRIL

- ▶ **Día 7:** *Irene nos Andes* con **Solidariedade Internacional de Galicia**
- ▶ **Día 28:** *Entre bechos anda o conto* con **Galeatro**



Obradoiros infantís de Entroido en febreiro ▼

■ **As sete bibliotecas municipais acollerán obradoiros de creación de peliqueiros articulados para nenos e nenas maiores de 6 anos.**

◆ Os obradoiros celebraranse –ás 17:30 horas– na Biblioteca Central Rialeda o día 17, na Biblioteca María José Trincado de Mera o día 18, na Biblioteca Ánchel Fole de Nós o día 18, na Biblioteca María Jose Ruso de Dorneda o día 21, na Biblioteca Manuel María de Oleiros o día 22, na Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz o día 23, na Biblioteca Xograr Mendiño de Lorbé o día 24. Para participar é imprescindible inscribirse previamente na biblioteca na que se desexe participar, desde dez días antes.



Cultura accesible e de calidade ▼

■ *Extensa programación municipal con música, teatro e danza.*

CONCERTO/Dani

● **Sábado 5 de febreiro,**

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

O futuro do pop ten nome de muller e chámase Dani. Con tan só 22 anos manéxase á perfección nos novos estilos que dominan o panorama musical actual.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



CONCERTO/Raquel Capote

● **Sábado 12 de febreiro,**

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

Fermoso repertorio de grandes boleros e sons cubanos de Isolina Carrillo, Sindo Garay, Miguel Matamoros, María Teresa Vera, Violeta Parra, Osvaldo Farrés, Adalberto Alvarez, entre outros.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



DANZA/NÓ

● **Venres 18 de febreiro,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

A nova creación da compañía Elahood é unha proposta de danzas urbanas baixo unha creación contemporánea en co-produción co Centro Coreográfico Galego e Agadic.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



CONCERTO/MJ Pérez

● **Sábado 19 de febreiro,**

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

MJ Pérez presentará o seu último disco *A Luz Prendida*, que bebe da canción de autor e que fusiona músicas do mundo con ritmos latinos e un toque de pop-rock.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



CONCERTO/Tulsa

● **Sábado 26 de febreiro,**

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

A que fora líder dos Electrobikinis explora unha música composta apenas por teclados e con letras afiadas que se apoian nunha produción que lle dá un ton moi conceptual.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TEATRO/Smoke on the water

● **Sábado 5 de marzo,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Traxicomedia sórdida con música en directo de Ibuprofeno Teatro cun elenco formado por Josito Porto, Belén Costenla, Adrián Ríos, María Costas e Mon Orenco.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TEATRO/A lúa vai encuberta

● **Sábado 12 de marzo,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Incendiaria e A Quinta do Cuadrante levan a escena este texto de Manuel María arredor da realidade galega e da loita por conformar unha identidade propia.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TEATRO/As que limpan

● **Sábado 19 de marzo,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Esta obra da Panadaría fala da loita organizada das camareiras de piso polos dereitos laborais e sociais. Actúan Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TEATRO/Olimpo's

● **Sábado 26 de marzo,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Farandoleiras sobe ás alturas para amosar como viven e pensan as deusas e deuses dun hipotético (e bastante galego) Olimpo e como inflúe a súa presenza nos mortais.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TEATRO/Último verán en Santa Cristina


● **Sábado 2 de abril,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Esta obra de Teatro do Noroeste conta o acontecido a un rapaz da Coruña de 12 anos que, no 1960, pasa o seu último verán na praia de Santa Cristina.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Prezo: 3,50 euros*



TRIBUNA ABERTA

▪ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Galego universal

A lingua galega é o noso maior patrimonio como pobo. Identifícanos no mundo, permite comunicarnos á nosa maneira e tamén é unha importante ferramenta para o desenvolvemento cultural e artístico en todas as súas diversas ramas.

Os cambios sociais a nivel mundial, os nacionalismos excluíntes e a globalización, entre outras cousas, provocan unha perda acelerada de falantes en linguas como a nosa, que está a ser minorizada desde hai séculos.

Malia todo iso, a nosa lingua segue moi viva. Recentemente se lle acaba de dar un empuxón importante á súa universalidade coa aparición na escena dos grandes medios das Tanxugueiras, con motivo do Festival de Eurovisión. Por moi trasnoitado que estea ese certame musical, non quere dicir que non debemos alegrarnos por ver como a nosa lingua está onde lle corresponde, xunto con todas as linguas que existen en Europa. O galego pode ser tan internacional como calquera outra lingua. Sigamos cantando, escribindo, estudando, ensinando, querendo,... vivindo en galego!

María Sánchez Ferreiro - Liáns

Sanidade colapsada

O colapso da sanidade pública, tanto na atención primaria como nos centros hospitalarios, non é algo novo. Numerosos colectivos, forzas políticas e o propio persoal sanitario levan denunciando os problemas que se dan a diario no

servizo público máis importante de todos cantos existen polas nefastas políticas do Partido Popular.

A falta de recursos, que xa existía antes da pandemia, fixo que ante a avalancha do covid houbera graves deficiencias na atención, diagnose e tratamento. Durante os dous últimos anos milleiros de persoas con doenzas graves, que non podían agardar, non foron tratadas a tempo. Fálase do número de falecementos por covid, pero cantas persoas viron como se agravaban as súas enfermidades ou por desgraza acabaron morrendo por non ter a atención médica necesaria?

Non valen excusas. Os que gobernan deben asumir a responsabilidade. Se non están capacitados que marchen para a súa casa, pero coas nosas vidas que non xoguen.

Oswaldo Taboada - Mera

Indefensos

Redes sociais e medios de comunicación de masas teñen un poder innegable para manipular a opinión pública. Segundo interese a determinados grupos de poder son capaces de converter o branco en negro e axitar á cidadanía para que se asinta con rotundidade.

Un claro exemplo disto foi o acontecido coas declaracións do ministro Garzón nun medio de comunicación británico. Meses despois da entrevista, en vésperas dunhas eleccións autonómicas nas que o campo ten unha importancia grande, fan un exercicio de manipulación absoluta poñendo na súa boca palabras que non dixo. O bulo

foi espallado a unha velocidade de vertixe por políticos, medios, redes... e pobre do que dixera o contrario porque tamén o metían no mesmo saco.

E así estamos, indefensos ante os intereses dos propietarios de medios e redes. Vivimos sobreexpostos á información pero cada vez resulta máis difícil atopar noticias elaboradas con veracidade para poder exercer unha valoración crítica. Están a arrebatarnos un dereito básico en calquera sociedade democrática.

Lucía Illanes - Perillo

A Supercopa da indignidade

Fai uns días que se celebrou a Supercopa de España de fútbol en Arabia Saudí. Un país no que a democracia e os dereitos humanos non existen, especialmente no caso das mulleres.

A Federación Española decidiu levar a competición a este país a cambio dunha sucudente cantidade económica. Millóns de euros como contrapartida a unha operación de blanqueamento do réxime do país árabe. Vergoña absoluta!

Dos clubs de fútbol non cabe esperar nin a máis mínima dignidade como para chegar a renunciar a esta competición. Pero os afeccionados? Como permiten que os equipos aos que apoian e sosteñen adquirindo entradas, comprando camisetas ou seguindo en plataformas de televisión de pago se presten a tal perversión?

Diego López Justo - Montrove

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201



37.773 habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 20 de xaneiro

DEXO (Santa María)	1.432
DORNEDA (San Martiño)	3.642
IÑÁS (San Xurxo)	1.303
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.967
MAIANCA (San Cosme)	1.589
NÓS (San Pedro)	4.943
OLEIROS (Santa María)	3.238
PERILLO (Santa Leocadia)	9.039
SERANTES (San Xulián)	1.620

TOTAL 37.773

Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 28 xaneiro ao 3 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 4 ao 10 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 11 ao 17 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 18 ao 24 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337 	Do 25 de febreiro ao 3 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> LAURA FREIRE QUINTAS Rúa Areal, nº 17, locais 2 y 3 (Perillo) • Teléfono: 981 305 417 	Do 4 ao 10 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 11 ao 17 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 18 ao 24 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024 	Do 25 ao 31 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 1 ao 7 de abril
<ul style="list-style-type: none"> ALBERTO UREÑA ÁLVAREZ Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 8 ao 14 de abril
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 15 ao 21 de abril

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	16 febreiro/17 marzo/16 abril
Mingua	24 xaneiro/23 febreiro/24 marzo
Nova	1 febreiro/3 marzo/1 abril
Medra	8 febreiro/10 marzo/8 abril

Ilusión a raudais cos Reis Magos

• Centos de nenos e nenas asistiron á cabalgata organizada polo Concello ▼



◆ Por segundo ano consecutivo, os Reis Magos percorreron todas as parroquias do municipio nun gran autobús descapotable decorado tal e como merecía a ocasión. A inmensa maioría dos nenos e nenas saíron ás rúas das súas respectivas localidades para saudar á comitiva real, que antes de iniciar a cabalgata saudou desde o balcón principal da Casa do Concello.

O Goberno municipal aposta por conservar e potenciar esta tradición, que xenera unha enorme ilusión entre pequenos e pequenas



CARRUSEIS E PISTA DE XEO ▶

Pensando no lecer dos nenos e nenas durante as vacacións de nadal, instaláronse unhas atraccións infantís en Santa Cruz e Perillo, así como unha pista de xeo nesta última localidade. A asistencia foi moi elevada.

